

NA SENDA DA EXCELENCIA



>>> ECOBAS, CENTRO COLABORATIVO DA REDE DE EXCELENCIA CIGUS



Tras só dous anos de andadura como Centro de Investigación Interuniversitario, ECOBAS vén de conseguir a **acreditación como centro colaborativo da rede CIGUS**, a superestrutura promovida pola Xunta de Galicia para identificar e visibilizar a investigación de excelencia.

Esta rede traballa coa encomenda de fortalecer o sistema de investigación universitario galego, atraer e reter o mellor talento investigador e gañar competitividade a nivel estatal e europeo, e co co obxectivo de proxectar aos centros que a integran como referentes no ámbito científico.

Agora, grazas ao esforzo de todas as persoas que forman parte de ECOBAS, o noso Centro pasa a converterse no **primeiro Centro de Investigación Interuniversitario de Galicia** que logra incorporarse á rede CIGUS. Conforme á puntuación acadada no proceso de avaliación, ECOBAS recibirá un financiamento basal de **404.597,71 €** para o periodo 2024-2027.

A resolución definitiva da convocatoria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional “para a acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia”, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, coñeceuse tras a reunión do Consello da Xunta celebrada o luns 29 de abril de 2024.

>>> O INVESTIGADOR DE ECOBAS JUAN CARLOS REBOREDO, NOVO DIRECTOR DA OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA XUNTA DE GALICIA



O equipo directivo de ECOBAS valorou moi positivamente o nomeamento do director da nova Oficina de Coordinación Económica da Xunta de Galicia, Juan Carlos Reboredo, que tomou posesión do seu novo cargo o pasado martes, 30 de abril. Catedrático da USC e membro do Comité Científico e de Innovación de ECOBAS, Reboredo é especialista en análise económica dos mercados e institucións e a súa actividade investigadora está centrada no eido da economía financeira, enerxética, medioambiental e dos recursos naturais.

Nesta nova etapa, Reboredo asumirá a responsabilidade de centralizar as relacións coas empresas e industrias da Comunidade Autónoma e tamén “realizar propostas para orientar as accións de Goberno cara certas metas ou obxectivos”, segundo indicou o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

AXENDA



>>> PRÓXIMOS SEMINARIOS DE DOUTORAMENTO

XOVES
02/05
13:00 H

“INNOVACIÓN EMPRESARIAL E TRANSFORMACIÓN DIXITAL NOS MODELOS DE NEGOCIO DA MOVILIDADE: PERSPECTIVAS INDUSTRIAIS E IMPACTO REXIONAL”



Hugo Pérez Moure, alumno da UVigo, presentará o seu traballo de doutoramento o vindeiro xoves 2 de maio:

- Presencial: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da UVIGO.
- [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)

VENRES
03/05
13:00 H

“CAPITAL INTELECTUAL COMO FONTE DE VALOR NA XESTIÓN DE BENS COMUNAIS: O CASO DAS COMUNIDADES DE MONTES EN GALICIA”



Beatriz Zugazagoitia, alumna da UVigo, será a relatora do seminario do venres 3 de maio:

- Presencial: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da UVIGO.
- [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)

VENRES
10/05
13:00 H

>>> AVALIACIÓN DE TERREOS AGRÍCOLAS SITUADOS NA PROVINCIA DE HUAMBO, EN ANGOLA

Ezequiel Rodrigues Lote, alumno da UVigo, presentará o seu traballo de doutoramento o día 10 de maio:

- Presencial: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da UVIGO.
- [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



MARTES
14/05
MÉRCORES
15/05

>>> PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS EN ‘PINT OF SCIENCE’



Desentrañando o enigma na economía conductual

- **Isabel Neira Gómez**
- Martes 14 de maio ás 19:00 h
- SANTIAGO DE COMPOSTELA. Café Bar Alborada de Veiga (Praza de Pascual Veiga, 4, local 8)



Como nos moveremos no futuro?

- **Pablo Cabanelas Lorenzo**
- Mércores 15 de maio ás 20:00 h
- VIGO. Cafetería Cañaverl (Porta do Sol, 6)

ACTUALIDADE ECOBAS



»»» NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR DE ECOBAS



[El contrato público como herramienta para la resiliencia y el cambio social: una aproximación iberoamericana](#)

[Pernas García, J. José](#) (coord.); [Díaz Bravo, Enrique](#) (coord.)

Editorial: Tirant lo Blanch, **ISBN:** 978-84-1197-584-1, **Ano de publicación:** 2024, **Tipo:** Libro

[Rahmani, Djamel](#); [Loureiro, Maria L.](#); [Escobar, Cristina](#); [Gil, Jose María](#) (2024)

[Choice experiments with facial expression analysis: How do emotions affect wine choices?](#)

Journal of Choice Modelling

»»» A DIRECTORA CIENTÍFICA DE ECOBAS, MARÍA LOUREIRO, NOVO MEMBRO DO CONSELLO CIENTÍFICO ASESOR DA FUNDACIÓN GADEA POR LA CIENCIA



Impulsar a investigación e a búsqueda de sinerxias partindo das inquiredanzas e o coñecemento do ámbito científico e o segmento empresarial é a misión da Fundación GADEA por la CIENCIA, que vén de incorporar á directora científica de ECOBAS como novo membro integrante do seu Consello Científico Asesor (CCA-FGC).

O CCA-FGC, órgano de participación e recoñecemento desta entidade privada, sin ánimo de lucro e independente, está integrado “por personalidades do máis alto e cualificado nivel científico e intelectual” -como explican dende a propia entidade-, repartidas en doce áreas de coñecemento. Moitos parabéns!!!

»»» OPEN CALL | V CONGRESO INTERNACIONAL DA AUGA

A Facultade de CC. Empresariais e Turismo da UVIGO acolle a celebración do V Congreso Internacional da Auga titulado “A auga como recurso sustentable: ciencia, empresa e benestar”, que terá lugar do 25 ao 27 de setembro de 2024, de maneira coetánea con Termatalia.

O comité científico deste simposio conta, entre outros, coa participación de varias persoas investigadoras de ECOBAS: [Marcos Álvarez Díaz](#), [Miguel Rodríguez Méndez](#), [Beatriz González Sánchez](#) e [Mónica Villanueva Villar](#).



- [Call for papers.](#)
- [ATA 00.00 H do 20/05/2024.](#)
- [Web do evento](#)

CONVOCATORIAS



>>> PROXECTOS «EUROPA EXCELENCIA» 2024

A convocatoria de proxectos «Europa Excelencia» ten como finalidade mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), nas súas modalidades «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants», enmarcados no Pilar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco de Investigación de la Unión Europea Horizonte Europa. Se trata de proxectos de investigación científico-técnicos relacionados cos obxectivos das propostas remitidas e avaliadas positivamente e consideradas elixibles polo ERC, pero que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas por este organismo.

- **Prazo de solicitudes: do 23/04/24 ao 09/05/24 ás 14:00 h (CET)**
- [Ligazón á convocatoria](#)

>>> PROGRAMA DE RETORNO DO TALENTO 2024



FUNDACIÓN
RAMÓN ARECES

En marcha a II Edición deste programa para o retorno a España de persoal científico xa consolidados no extranxeiro coa finalidade de que poidan desenvolver un proxecto de investigación relevante durante un periodo de cinco anos integrándose nunha Institución pública de investigación española.

- Prazo solicitudes: **ata 16/09/24**
- [Descarga aquí as bases desta convocatoria](#)
- programaretorno@fundacionareces.es

>>> PROGRAMA LIFE

LIFE é o único instrumento financeiro da Unión Europea dedicado, de forma exclusiva, ao medio ambiente e á acción polo clima. A información completa atópase [na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico](#). Click aquí para coñecer a chamada: [Call for proposals](#)

As datas de peche das distintas modalidades:

- Standard Action Projects (SAPs) for circular economy and quality of life : 19 setembro 2024
 - Standard Action Projects (SAPs) for nature and biodiversity : 19 setembro 2024
 - Standard Action Projects (SAPs) for climate change mitigation and adaptation: 17 setembro 2024
 - Coordination and Support Action Grants (CSA) for clean energy transition sub-programme: 19 setembro 2024
 - Strategic Integrated Projects (SNAPs/SIPs). Concept notes: 5 setembro 2024/ Full proposals: 6 marzo 2025
 - Technical Assistance preparation for SIPs and SNAPs: 19 setembro 2024
 - Technical Assistance Replication: 19 setembro 2024
- LIFE Preparatory Projects (addressing ad hoc Legislative and Policy Priorities - PLP): 19 setembro 2024

MÁIS COMUNIDADE



PREMIO DE ECONOMÍA REY DE ESPAÑA 2024



Convocatoria da Fundación José Celma Premio para recompensar o labor científico ou profesional máis destacado, a xuízo do xurado, dentro do campo da economía.

- Premio: un diploma, unha réplica da obra "Mercurio" do escultor Francisco López Hernández e unha dotación en metálico de 72.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: **30 xuño 2024**.
- [Ligazón ás bases do premio](#)

>>> PREMIO VANGUARDIA DA CIENCIA 2024



Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h**.

LAVANGUARDIA

- [Ligazón ás bases](#)

>>> PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO CELIA BRAÑAS



Chega a novena edición deste Premio da RACG para recoñecer a importancia de comunicar a ciencia á sociedade galega, facendo partícipe á cidadanía dos achádegos científicos e tecnolóxicos e/ou as súas aplicacións, así como tamén os casos de transferencia de coñecemento ás empresas galegas.

- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un accésit sen dotación económica, así como os correspondentes diplomas acreditativos
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 de maio de 2024 ás 15:00 h**
- [Ligazón ás bases](#)



PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO
Celia Brañas

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

